



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 2</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>			<b>Nacionalidade:</b>		
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____		<b>Sexo:</b>	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



# Celga



# 2







## Proba A1

Vostede ten un socio co que está pensando en abrir un negocio novo e procuran ideas que poidan resultar sorprendentes no mercado. Logo de escoitar esta nova, decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. No texto, en **200 palabras**, ten que:


- Saudar o seu socio e lembrarlle a idea do negocio.
- Facer referencia á nova e explicala.
- Proporlle abrir un negocio similar e describilo.
- Despedirse e animalo para que ambos se convertan en empresarios innovadores.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page. It is intended for the student to write their response to the A1 test question.

## Proba A2

Vostede ten unha amiga que vai ter un terceiro fillo e está un pouco preocupada por como isto lles pode afectar aos dous nenos que xa ten. Despois de ler o seguinte artigo, escríballe unha **mensaxe electrónica**, de **200 palabras**, na que ten que:

- Saudala e interesarse polo seu estado.
- Facer referencia ao artigo e relacionalo coa preocupación da súa amiga.
- Explicarlle que pode ter de positivo a chegada do bebé para os irmáns.
- Poñerlle o exemplo dalgún caso que vostede coñeza e despedirse.

### COMO NOS CONDICIONA A ORDE DE NACEMENTO?

Sabe que o lugar que ocupa na súa familia pode ser definitivo para marcar o seu carácter? E non é unha cuestión de importancia, senón de orde. Así sabemos, grazas aos estudos psicolóxicos, que existe unha relación entre o lugar que unha persoa ocupa entre os irmáns e certas variables psicolóxicas: os irmáns máis vellos son máis responsables e competitivos, os do medio son máis perfeccionistas e os pequenos son máis bohemios e encantadores.

**Maiores: son os reis da casa, xa que teñen toda a atención dos pais, dos avós, e tamén dos amigos da familia, o que os converte nos preferidos. Isto fai deles unhas persoas coas seguintes características:**

Intelixentes: os primoxénitos adoitan ter unha puntuación máis alta nos tests de intelixencia; debido á súa responsabilidade como titores dos pequenos, o seu intelecto está moi desenvolvido.

Competitivos: cando pasan de ser fillos únicos a ter máis irmáns, vólvense máis competitivos, xa que precisan máis enerxía para captar a atención dos proxenitores.

Convencionais: adoitan ser máis conservadores, fronte aos seus irmáns, que son máis revolucionarios.

**Medianos: parecen os fillos invisibles, teñen que loitar por chamar a atención dos pais e dos irmáns, co cal o seu carácter pode ser ou ben discreto, porque asumen que non son tan notorios ou, pola contra, pódense volver máis rebeldes. Ademais, presentan os seguintes trazos de carácter:**

Profesionais: afeitos ao equilibrio, son imparciais e obxectivos, polo que acaban sendo excelentes profesionais, especialmente como directivos ou políticos.

Perfeccionistas: ao non ter un papel definido na familia, loitan por converterse nos favoritos e isto lévaos a desenvolver unha personalidade moi perfeccionista.

Amigables: os seus vínculos co resto da familia non son moi fortes, adoitan establecer relacións sólidas fóra da casa.

**Pequenos: son os máis mecosos e protexidos, os xoguetes da casa, con eles tense máis indulxencia que cos maiores e impónselles menos disciplina. Isto fai deles persoas que presentan as seguintes características:**

Espirituais: desenvolven unha maior relixiosidade e espiritualidade, tenden a ser moi xenerosos e apoian moitas causas sociais.



Sensibles: teñen unha personalidade artística e bohemia, alén de ser sensibles, próximos e amables. Non obstante, psicolxicamente son máis febles e vulnerables.


Namorisqueiros: son os máis románticos, namóranse con máis frecuencia que os seus irmáns e cústalles asumir compromisos.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: